
1.- PANORAMA XERAL

A área funcional de Pontevedra, formada polas comarcas de Pontevedra, O Salnés, O Morrazo e Caldas (a súa situación pode consultarse no **mapa 1.1.**), é unha das doce rexións funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas segundo a estrutura establecida no “Plan comarcal de Galicia” deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia.

Xeograficamente, a área funcional de Pontevedra limita ó norte co concello de Rianxo, así como cos de Boiro e Padrón pertencentes á comarca de O Sar; ó leste, cos concellos da Estrada e Cerdedo pertencentes á comarca pontevedresa de Tabeirós Terra de Montes e cos concellos ourensáns de Beariz e Avión; ó sur, cos concellos da comarca de Vigo de Fornelos e Soutomaior; e ó oeste cas rías de Arousa, Pontevedra e Vigo.


Esta área funcional está composta por 28 concellos, dos 62 que compoñen a provincia de Pontevedra, o que supón o 45% do total da provincia de Pontevedra e o 8,8% dos concellos galegos (**cadro 1.1.**).

A área funcional de Pontevedra é a menos extensa das doce rexións funcionais galegas. As catro comarcas que a compoñen abarcan un total de 1.316 km², que, comparados cos 4.417 km² da provincia de Pontevedra, supoñen o 29,8% da mesma. Asemade, tendo en conta que a extensión da Comunidade Autónoma de Galicia é de 29.659 km², a área funcional de Pontevedra supón o 4,4% do territorio galego (o conxunto da provincia é o 14,8% do total galego).

A comarca de Pontevedra, con 626 km², é a máis extensa da área funcional, mentres que a comarca do Morrazo é a de menor extensión das comarcas galegas.

Mapa 1.1.

Situación da área funcional de Pontevedra, formada polas comarcas de Pontevedra, O Salnés, O Morrazo e Caldas.



Cadro 1.1. Territorio e poboación en Galicia: distribución provincial e segundo áreas funcionais

	Superficie (km ²)	Poboación 1999	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Provincia de A Coruña	7.943	1.108.980	139,6	94	10.292
Ferrol	1.556	212.080	136,3	20	2.599
A Coruña	2.597	512.456	197,3	35	3.403
Santiago	3.790	384.444	101,4	39	4.290
Provincia de Lugo	10.026	366.934	36,6	67	9.741
Mariña	1.395	76.236	54,6	15	1.739
Monforte	1.981	61.718	31,2	12	1.906
Lugo	6.650	228.980	34,4	40	6.096
Provincia de Ourense	7.274	345.620	47,5	92	3.675
Ourense	4.119	272.523	66,2	67	3.101
Verín	1.754	37.800	21,5	12	263
O Barco	1.401	35.297	25,2	13	311
Provincia de Pontevedra	4.417	908.803	205,8	62	6.239
Vigo	1.605	498.682	310,6	25	2.522
Pontevedra	1.316	332.511	252,7	28	2.039
Lalín	1.496	77.610	51,9	9	1.678
Galicia	29.660	2.730.337	92,1	315	29.947

Fonte: La Caixa, Anuario económico 2001, IGE, Renovación do Padrón a 1 de xaneiro de 1999; Mapa comarcal de Galicia

Cadro 1.2. Territorio e poboación na área funcional de Pontevedra

	Superficie (km ²)	Poboación 1999	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Area funcional de Pontevedra	1.316	332.511	252,7	28	2.039
Caldas	288	35.456	123,1	7	377
O Morrazo	136	79.102	581,6	4	219
Pontevedra	626	114.145	182,3	8	892
O Salnés	266	103.808	390,3	9	551
Provincia Pontevedra	4.417	908.803	205,8	62	6.239
Galicia	29.659	2.724.544	92,1	315	30.190

Fonte: IGE, Base estatística para a obtención de indicadores socioeconómicos das comarcas galegas
Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 1999

En termos poboacionais, e segundo os datos reflectidos pola renovación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 1999, a área funcional de Pontevedra é a cuarta máis poboada das doce áreas funcionais galegas, por detrás da Coruña, Vigo e Santiago.

Na área funcional de Pontevedra residen 332.511 persoas, o que supón o 36,5% do total da poboación da provincia e o 12,2% da poboación galega (**cadro 1.2.**).

Dentro da área funcional, a comarca máis densamente poboada é a do Morrazo, cunha densidade de poboación de 581,6 habitantes por km², mentres que a menor densidade corresponde á comarca de Caldas, con 123,1 habitantes/km². Para o conxunto da área funcional a densidade de poboación sitúase en 252,7 hab/km², por encima da correspondente ó total da provincia (205,8 hab/km²) e moi superior á densidade media galega (92,1 hab/km²). A área funcional de Pontevedra é a segunda máis densamente

poboada das doce áreas funcionais galegas, só por detrás da área funcional de Vigo.

O número de concellos de cada unha das comarcas da área funcional vai dos catro do Morrazo ata os nove do Salnés.

En canto ás entidades singulares de poboación, das 6.239 que hai na provincia, 2.039 están situadas nesta área, o que supón un 32,6% do total. A porcentaxe é do 6,7% respecto ás 30.190 entidades existentes en Galicia. Na súa división no interior da área funcional, a comarca de Pontevedra, con 892, é a que ten un maior número de entidades singulares de poboación, fronte ás 219 do Morrazo, que é a comarca que conta cun menor número das mesmas.

O conxunto da área funcional configúrase en torno a varios centros de atracción. Destaca o municipio de Pontevedra como centro natural dos concellos da comarca de Pontevedra, así como dos concellos de Caldas de Reis, Portas, Moraña, Cuntis, Marín, Bueu, O Grove e Sanxenxo. O municipio de Vigo funciona como centro de atracción dos concellos de Moaña e Cangas, mentres que o municipio de Vilagarcía de Arousa actúa como centro de atracción dos concellos da comarca do Salnés, agás O Grove e Sanxenxo. Por último, Padrón é o centro de atracción para os concellos de Valga e Pontecesures.

As principais estradas son a autopista A-9 (A Coruña-Vigo), que cruza de norte a sur a área funcional, a vía rápida do Salnés, que une a capital con Sanxenxo e O Grove (6.800 metros), posta en funcionamento o 28 de decembro de 1999, e as estradas nacionais N-640, N-550 e N-541.

En canto á rede ferroviaria, a liña vertebradora da área funcional é o chamado eixe atlántico, ou liña A Coruña-Vigo. Este eixo é un dos obxectivos prioritarios do plan decenal de infraestructuras ferroviarias 1998-2007, co que se pretende a modernización das liñas ferroviarias galegas e a redución dos tempos de percorrido.


Dentro deste mesmo plan, está xa en construción o ramal de Pontevedra a Marín, así como outro tipo de actuacións secundarias, como é a eliminación de pasos a nivel no concello de Vilagarcía de Arousa

Realidade socioeconómica

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica da área funcional de Pontevedra pode ser realizada a partir da información proporcionada polo *Anuario Comercial de España 2001* de La Caixa. Os datos aí recollidos poden ser divididos en dous tipos: primeiro, unha serie de indicadores económicos (**cadros 1.3. e 1.4.**) que tentan recoller diversos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal; posteriormente, datos referidos a diferentes variables con incidencia na actividade económica (**cadros 1.5. e 1.6.**), como o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas bancarias e maila relación dos diferentes tipos de actividades económicas.

Como complemento ó primeiro tipo de datos faise referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante denominada “**nivel económico**”. Sen embargo, a análise deste índice non pode ser feita a nivel comarcal posto que, pola súa confección, non é posible a agregación e só

Gráfico 1.1.



Fonte: La Caixa, Anuario económico, 2001

resulta factible un estudio dos concellos en relación coas súas correspondentes comarcas e que é recollido no **gráfico 1.1.**

Tamén resulta de interese a análise da información a nivel municipal sobre o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas que facilita a Axencia Estatal da Administración Tributaria (**cadro 1.7.**). Concretamente recóllense as seguintes variables: a porcentaxe de número de declarantes por tramos de base imponible, o rendimento medio declarado e a porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa actividade.

Antes do inicio da análise destes indicadores e variables, cómpre destaca-lo feito de que este estudio é realizado polo Servicio de Estudios de La Caixa só para municipios con máis de 1.000 habitantes. Para o conxunto de España, estímase que isto supón un 4% de erro. No caso da área funcional de Pontevedra, as fallas de información non

afectan a ningún dos 28 concellos que se inclúen.

O primeiro dos indicadores recollidos nos **cadros 1.3.** e **1.4.** é a “**cota de mercado**”, un índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos mediante un promedio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. A área funcional de Pontevedra é a cuarta das doce áreas funcionais en que se divide Galicia en canto ó valor do citado indicador, por detrás das áreas de A Coruña, Vigo e Santiago.

A comarca que acada un maior valor neste indicador dentro da área funcional de Pontevedra, cun nivel de 281, é Pontevedra, mentres que a comarca de Caldas acada o nivel máis baixo, con 80. En conxunto, a área funcional de Pontevedra, cunha cota de mercado de 784, supón o 36,8% da cota de

Cadro 1.3.

Principais indicadores económicos de Galicia 1999: distribución segundo provincias e áreas funcionais

	Cota de Mercado	Índice industrial (1)	Índice comercial	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica
Provincia de A Coruña	2.579	2.440	2.498	3.008	1.380	2.353
Ferrol	476	514	378	510	116	336
A Coruña	1.213	1.382	1.396	1.515	644	1.379
Santiago	891	542	726	982	617	637
Provincia de Lugo	896	1.028	782	815	314	753
Mariña	191	453	143	163	84	200
Monforte	150	189	102	114	31	115
Lugo	548	385	529	532	194	432
Provincia de Ourense	880	949	706	805	249	749
Ourense	682	616	585	663	196	569
Verín	92	42	57	71	23	43
O Barco	90	193	61	66	24	112
Provincia de Pontevedra	2.126	1.651	2.019	2.063	1.167	1.815
Vigo	1.165	1.076	1.277	1.198	548	1.162
Pontevedra	767	440	617	705	560	537
Lalín	180	127	117	150	42	109
Galicia	6.481	6.068	6.005	6.691	3.110	5.670

(1) inclúe construción

Fonte: *La Caixa*, *Anuario económico*, 2001

mercado da provincia e dispón do 12% da cota de mercado do total de Galicia.

O segundo indicador é o “**índice industrial**”, un índice comparativo da importancia da industria baseado na recadación do imposto sobre actividades económicas (IAE). De xeito semellante ó anterior, este indicador recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria sobre o total nacional. Comparando o índice industrial das diferentes áreas funcionais de Galicia, obsérvase que a área funcional de Pontevedra sitúase no sétimo lugar, cun valor de 448.

Dentro da área funcional, os datos deste índice reflicten que as comarcas de Pontevedra e O Salnés concentran a meirande parte da actividade industrial (con valores de 169 e 150, respectivamente), mentres que as dúas comarcas restantes presentan valores

máis baixos: 53 para O Morrazo e 76 na comarca de Caldas.

O “**índice comercial**” configúrase como un indicador comparativo da importancia do comercio en función do IAE das actividades de comercio por xunto e polo miúdo e recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) con respecto ó conxunto do estado. No que respecta a este índice, a área funcional de Pontevedra sitúase no cuarto lugar en comparación coas restantes áreas funcionais de Galicia.

Como ocorría coa industria, na área funcional de Pontevedra as actividades comerciais aséntanse preferentemente nas comarcas de Pontevedra e O Salnés (con índices de 256 e 202, respectivamente), mentres que no extremo oposto atópase Caldas, cun índice comercial de 45.

Cadro 1.4.

Principais indicadores económicos 1999 da área funcional de Pontevedra: distribución segundo comarcas e concellos

	Cota de Mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica	Nivel económico
Comarca de Pontevedra	281	169	256	286	131	231	-
Barro	8	4	6	3	1	4	3
Campo Lameiro	5	2	2	2	-	2	3
Cotobade	10	4	3	5	2	3	3
A Lama	8	3	2	2	2	1	4
Poio	32	10	25	26	40	16	4
Ponte-Caldelas	17	8	6	11	2	6	4
Pontevedra	187	132	199	228	74	192	5
Vilaboa	14	6	13	9	10	7	3
Comarca do Salnés	248	150	202	238	359	179	-
Cambados	32	18	26	33	15	21	4
O Grove	27	12	22	30	105	32	3
A Illa de Arousa	12	2	5	7	3	3	3
Meaño	12	12	10	6	10	8	3
Meis	11	9	10	6	1	7	3
Ribadumia	10	11	6	6	4	6	3
Sanxenxo	41	19	30	50	179	28	4
Vilagarcía de Arousa	80	56	74	82	25	63	4
Vilanova de Arousa	23	11	19	18	17	11	3
Comarca do Morrazo	175	53	120	130	50	82	-
Bueu	28	7	17	20	10	11	3
Cangas	52	16	36	42	30	25	3
Marín	56	15	44	42	5	30	4
Moaña	39	15	23	26	5	16	3
Comarca de Caldas	80	76	45	62	22	51	-
Caldas de Reis	22	32	16	19	12	21	3
Catoira	8	9	3	6	-	5	3
Cuntis	13	6	7	8	8	5	4
Moraña	10	4	4	5	1	4	4
Pontecesures	8	12	7	14	-	8	3
Portas	7	3	2	2	-	2	3
Valga	12	10	6	8	1	6	2
Total área funcional	784	448	623	716	562	543	
Galicia	6.481	6.068	6.005	6.691	3.110	5.670	

Fonte: La Caixa, Anuario económico, 2001

O cuarto dos índices recollidos céntrase no eido do turismo. Trátase dun indicador comparativo da importancia turística que expresa a participación en tanto por 100.000. Este “índice turístico” tamén parte do IAE distinguindo, segundo a categoría dos establecementos, o número de habitacións e maila súa ocupación anual. A área funcional de Pontevedra é a terceira en importancia no total de áreas funcionais de Galicia, o que demostra o destacado desta actividade na zona.

A comarca do Salnés concentra a maior importancia no seo da área funcional, cun índice de 359, seguida a distancia pola comarca de Pontevedra, cun índice de 131. A menor participación a nivel turístico no conxunto de tódalas comarcas da área funcional corresponde á comarca de Caldas, cun índice de 62.

O “índice de actividade económica” xorde como un indicador comparativo da actividade económica municipal. Parte

tamén da información do IAE e expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Este índice está relacionado coa “cota de mercado”, é dicir, xeralmente obsérvase unha correlación entre a capacidade de compra e o Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que ás veces se dan algunhas diferencias. O primeiro e o último lugar con respecto á actividade económica dentro da área funcional corresponden a Pontevedra e a Caldas, respectivamente, con valores de 231 e 51. Pola súa banda, o conxunto da área funcional, cun índice de actividade económica de 543, instálase no quinto lugar en importancia do valor do citado índice dentro do conxunto das áreas funcionais de Galicia.

Na comparación destes índices de importancia relativa da área funcional de Pontevedra con respecto ó total da provincia, salienta que a relación acada a súa porcentaxe máis alta no índice turístico, cun valor do 48,15%, mentres que a menor porcentaxe corresponde ó índice industrial, onde a área de Pontevedra significa un 27,1% do total da provincia. Polo que se refire á relación entre a provincia e o total galego, é dicir, a proporción Pontevedra/Galicia, a cifra máis importante corresponde ó índice turístico, cun valor do 10,3%, mentres no extremo contrario segue estando o índice industrial, cun valor do 7,3%.

Para completa-la análise xeral da situación da área funcional, os **cadros 1.5.** e **1.6.** recollen outra serie de variables ben diferentes. Aquí non se trata de índices ou indicadores (expresados a modo de porcentaxe) senón que son magnitudes concretas que se refiren a variables como número de

teléfonos, oficinas bancarias, actividades industriais, actividades comerciais por xunto e polo miúdo e actividades de restauración e bares. Cada unha delas recolle diversos aspectos do contexto económico da área funcional e proporciona unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, por exemplo, o número de teléfonos reflicte o grao de desenvolvemento económico. A área funcional de Pontevedra, con 112.095 liñas, é a cuarta área funcional en número de teléfonos no total de áreas funcionais galegas. Dentro da área, a comarca de Pontevedra, con case 42.000 aparellos, atópase á cabeza, seguida do Salnés, con 35.000. No extremo oposto está a comarca de Caldas, con menos de 10.000 teléfonos no conxunto da comarca.

Os vehículos de motor (automóviles, camións e furgonetas e outros) tamén se concentran maioritariamente nas comarcas de Pontevedra e o Salnés, fundamentalmente na primeira delas. Entre as dúas reúnen máis de 120.000 vehículos, o que supón máis do 70% do total da área funcional, cunha porcentaxe do 9% sobre o total da área funcional. A comarca de Caldas é a que aporta un menor número de vehículos. A área funcional de Pontevedra, que é a cuarta área funcional en importancia por este concepto, dispón do 35,2% dos vehículos de motor da provincia e do 12,2% do total de Galicia.

A análise das actividades segundo se trate de actividades industriais, comerciais por xunto, comerciais polo miúdo e de restauración e bares amosa, en termos xerais, unha concentración nas comarcas de Pontevedra e O Salnés.

Cadro 1.5.

Principais variables con incidencia na actividade económica de Galicia 1999: distribución segundo provincias e áreas funcionais

	Teléfonos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Número de empresas (1)	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas número	Actividades de restauración e bares m ²
Provincia de A Coruña	420.997	522.914	920	67.434	15.829	4.523	23.466	2.151.367
Ferrol	79.432	99.084	147	10.324	2.275	642	4.147	384.299
A Coruña	209.780	249.568	447	35.702	8.340	2.627	10.722	1.079.027
Santiago	131.785	174.262	326	21.408	5.214	1.254	8.597	688.041
Provincia de Lugo	136.017	185.988	385	21.207	5.909	1.580	7.842	735.763
Mariña	28.378	36.895	94	4.423	1.413	321	1.985	156.473
Monforte	22.165	30.459	64	3.267	1.058	201	1.281	113.711
Lugo	84.821	117.632	225	13.517	3.411	1.051	4.554	464.439
Provincia de Ourense	132.849	196.885	431	20.519	6.438	1.278	7.054	593.041
Ourense	105.111	158.686	328	16.673	4.958	1.038	5.475	469.948
Verín	12.081	17.675	45	1.820	559	102	765	61.134
O Barco	13.129	17.370	49	2.026	804	125	730	56.301
Provincia de Pontevedra	323.149	483.633	777	51.828	12.621	4.052	17.508	1.562.304
Vigo	183.092	266.030	397	29.247	6.239	2.558	8.816	830.431
Pontevedra	112.095	170.446	287	18.432	4.728	1.178	6.882	572.759
Lalín	22.867	38.127	69	4.149	1.370	232	1.516	134.310
Galicia	1.013.012	1.389.420	2.513	160.988	40.797	11.433	55.870	5.042.475
								23.483

(1) a 1 de xaneiro de 2000

Fonte: La Caixa, Anuario económico, 2001

Cadro 1.6.

Principais variables con incidencia na actividade económica da área funcional de Pontevedra 1999: distribución segundo comarcas e concellos

	Telefónos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas número	Actividades de restauración e bares bares
Comarca de Pontevedra	41776	69578	107	1496	410	2437	962
Barro	1003	2.000	2	68	20	51	18
Campo Lameiro	597	1.118	2	30	5	30	11
Cotobade	1.495	2.438	2	51	6	42	30
A Lama	954	2.501	4	24	2	37	17
Polo	4.341	7.910	11	188	55	203	111
Ponte-Caldelas	1.715	5.056	9	66	8	113	42
Pontevedra	29.922	44.142	74	949	273	1.832	690
Vilaboa	1.749	4.413	3	120	41	129	43
Comarca do Sainés	35.009	51.612	94	1.708	439	2.287	933
Cambados	3.871	6.821	12	230	68	302	123
O Grove	4.257	5.042	11	152	55	287	126
A Illa de Arousa	1.333	2.188	7	40	12	66	40
Meaño	1.451	2.867	5	171	29	85	33
Meis	1.424	2.933	2	98	30	66	29
Ribadumia	1.189	2.410	4	115	19	62	33
Sanxenxo	6.615	7.864	17	328	50	474	216
Vilagarcía de Arousa	11.808	16.571	28	397	127	803	267
Vilanova de Arousa	3.061	4.916	8	177	49	142	66
Comarca do Morrazo	25.441	33.157	64	941	236	1.497	534
Bueu	3.938	5.121	10	156	23	274	85
Cangas	7.900	9.376	19	295	57	472	174
Marín	7.966	10.619	22	265	112	457	158
Moaña	5.637	8.041	13	225	44	294	117
Comarca de Caldas	9.869	16.099	32	583	93	661	269
Caldas de Reis	2.852	4.201	9	176	34	243	94
Catoira	960	1.539	5	44	2	47	21
Cuntis	1.607	2.728	5	95	12	87	34
Moraña	1.161	2.089	6	83	6	73	25
Ponteceures	893	1.404	4	40	15	113	54
Portas	878	1.583	1	56	6	34	9
Valga	1.518	2.555	2	89	18	64	32
Total área funcional	112.095	170.446	297	4.728	1.178	6.882	2.698
Galicia	1.007.898	1.379.858	2.493	40.582	11.405	55.638	23.370

(1) a 1 de xaneiro de 2000
Fonte: La Caixa, Anuario económico, 2001

Polo que se refire ás comarcas cun menor número de actividades nos distintos eidos, a comarca de Caldas é a que conta, en termos absolutos e relativos, con menos unidades en tódalas actividades estudadas: industriais, comerciantes por xunto, comerciantes polo miúdo e de restauración e bares.

Para estas actividades, a relación da área con respecto ó total da provincia sitúase en tódolos casos nunha banda entre o 34% e o 41%, agás nas actividades comerciais por xunto, onde se acada un valor do 29%. As maiores porcentaxes corresponden ás actividades de restauración e bares, nas actividades comerciais polo miúdo e no número de oficinas bancarias. Con respecto á relación entre o total provincial e o total galego, a banda de fluctuación é menor, atopándose tódolos niveis entre o 10% e o 12%, con valores moi semellantes para as diferentes variables analizadas.

Outro indicador interesante, malia que pola súa confección non é factible o estudio a nivel comarcal, é o denominado “nivel económico”. Trátase dun índice da renda familiar dispoñible por habitante para o que se definen dez niveis, correspondendo cada un deles con diferentes tramos de renda. O estudio ten que se limitar a unha análise cuantitativa a nivel municipal dentro do ámbito das comarcas, pois non é posible contar con datos máis agregados. No caso da área funcional de Pontevedra, tódolos concellos atópanse dentro dos niveis 2 (rendas entre 1.000.000 pesetas e 1.100.000 pesetas), 3 (de 1.100.000 pesetas a 1.200.000 pesetas), 4 (de 1.200.000 pesetas a 1.300.000 pesetas) e 5 (de 1.300.000 pesetas a 1.500.000 pesetas).

O **gráfico 1.1.** amosa a distribución de concellos en cada comarca segundo o seu nivel económico. Só a comarca de Pontevedra conta cun concello de nivel 5 (o concello de Pontevedra), hai nove concellos de nivel 4 –tres na comarca de Pontevedra, tres na comarca do Salnés, un na comarca do Morrazo, e dous na de Caldas– e agás o concello de Valga na comarca de Caldas, que é de nivel dous, tódolos restantes son de nivel tres.

O nivel asignado ó total da provincia de Pontevedra é o catro, mentres que o nivel da comunidade galega é o cinco. Polo tanto, o conxunto da área funcional sitúase en niveis económicos inferiores á media galega.

A información sobre os rendementos e número de declarantes nos municipios da área funcional aparece recollida no **cadro 1.7.**, que amosa as porcentaxes de declarantes por tramos de base imponible, o rendimento medio declarado e a porcentaxe de rendementos declarados, segundo a súa actividade.

Tendo en conta catro tramos de base imponible –de 0 a 0,5 millóns de pesetas o primeiro, de 0,5 a 1,5 millóns de pesetas o segundo, de 1,5 a 3 millóns o terceiro e de máis de 3 millóns o cuarto tramo–, no citado cadro pódese observar como é o municipio de Pontevedra o que ten unha maior porcentaxe de declarantes no último tramo, cun 25,47% do total dos declarantes do municipio, seguido do concello de Poio, cun 17,45%. Ámbolos dous municipios pertencen á comarca de Pontevedra. Pola porcentaxe de declarantes no terceiro tramo desta-

Cadro 1.7.

Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas 1997 na área funcional de Pontevedra: distribución segundo comarcas e concellos

	Porcentaxe do Nº de declarantes por tramos de Base Imponible (en Millóns Pta)				Rendemento medio declarado (Pta)		Porcentaxe de Rendementos declarados, segundo a súa actividade			
	De 0,5 a 1,5		De 1,5 a 3,0		Máis de 3,0		Traballo	Empresarial	Profesional	Outros
	De 0,0 a 0,5	De 0,5 a 1,5	De 1,5 a 3,0	Máis de 3,0	Declarado (Pta)	Porcentaxe (Pta)				
Comarca de Pontevedra										
Barro	6,85	48,76	34,78	9,61	1.733.042	77,88	15,08	0,93	6,11	
Campo Lameiro	5,84	52,91	32,73	8,52	1.570.136	84,48	12,30	0,99	2,23	
Cotobade	9,06	43,06	38,75	9,13	1.662.092	86,25	9,01	0,94	3,80	
Lama, A	13,06	53,31	27,23	6,40	1.423.952	63,39	15,30	1,54	19,77	
Polo	6,27	40,11	36,17	17,45	2.092.490	80,79	9,61	4,28	5,32	
Ponte Caldeas	7,99	50,71	33,33	7,97	1.578.087	79,69	13,63	2,19	4,49	
Pontevedra	5,04	30,79	38,70	25,47	2.405.249	83,90	6,14	4,95	5,01	
Vilaboa	4,93	45,75	39,45	9,87	1.742.259	82,34	11,82	1,12	4,72	
Comarca do Salnés										
Cambados	9,34	51,98	28,99	9,69	1.590.738	72,34	20,49	3,09	4,08	
Grove, O	7,41	49,04	31,31	12,24	1.720.500	68,55	24,39	1,76	5,30	
Illa de Arousa, A	8,00	53,00	31,23	7,77	1.531.765	39,38	52,23	1,64	6,75	
Meaño	9,49	54,84	28,57	7,10	1.463.078	72,33	19,83	1,07	6,77	
Meis	6,96	50,13	34,56	8,35	1.616.189	82,88	12,69	0,91	3,52	
Ribadumia	8,04	51,84	30,90	9,22	1.576.667	76,20	17,64	2,07	4,09	
Sanxenxo	8,69	47,32	31,78	12,21	1.761.340	69,96	20,44	2,92	6,68	
Vilagarcía de Arousa	6,55	41,57	35,94	15,94	1.943.326	82,20	9,28	4,07	4,45	
Vilanova de Arousa	8,45	51,53	31,48	8,54	1.585.259	72,28	21,82	1,45	4,45	
Comarca do Morrazo										
Bueu	6,15	38,38	40,31	15,16	1.982.990	83,51	11,33	1,71	3,45	
Cangas	5,93	40,59	38,46	15,02	1.939.997	84,92	8,34	1,92	4,82	
Marín	5,55	36,76	41,04	16,65	2.037.978	88,07	6,82	1,62	3,49	
Moaña	7,43	45,17	36,52	10,88	1.715.978	81,96	11,67	2,00	4,37	
Comarca de Caldas										
Caldas de Reis	5,55	49,60	33,20	11,65	1.718.221	82,02	11,62	2,24	4,12	
Catoira	6,55	49,35	36,97	7,13	1.583.000	89,04	7,04	1,87	2,05	
Cuntis	9,27	51,31	31,85	7,57	1.537.127	80,75	12,41	1,79	5,05	
Moraña	7,70	50,52	33,33	8,45	1.630.051	79,26	14,85	1,94	3,95	
Ponteceures	7,70	44,40	36,80	11,10	1.726.379	80,86	13,25	1,74	4,15	
Portas	7,00	48,16	35,04	9,80	1.676.084	82,20	10,44	0,21	7,15	
Valga	5,98	53,80	34,33	6,01	1.545.075	86,44	9,57	1,03	2,96	

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria.

ca o concello de Marín, co 41,04% dos declarantes totais do municipio. No segundo tramo de base imponible o municipio cun maior número de declarantes é Meaño. Por último, no primeiro tramo, A Lama, co 13,06% dos declarantes totais do concello, é o que aporta unha maior porcentaxe.

Dun xeito xeral, o tramo de base imponible onde os concellos teñen unha maior porcentaxe de declarantes é no terceiro tramo, agás os concellos de Pontevedra, Bueu e Marín, que teñen unha maior porcentaxe de declarantes no cuarto tramo de base imponible.

No que respecta ó rendemento medio declarado, destacan os concellos de Pontevedra, Poio e Marín, cun rendemento medio superior ós 2 millóns de pesetas. No extremo contrario sitúanse os concellos da Lama e Meaño, con rendementos medios declarados inferiores o millón e medio de pesetas.

Na análise da distribución porcentual dos rendementos declarados segundo a actividade, en tódolos concellos da área funcional, agás na Illa de Arousa, as maiores porcentaxes corresponden ós rendementos do traballo, con valores que van dende o 89,04% do concello de Catoira ata o 68,55% do Grove.

No que respecta á porcentaxe de rendementos empresariais, salienta o 52,23% da Illa de Arousa, e por último, dentro dos rendementos profesionais, o 4,95% do concello de Pontevedra. ■

